**RECICLAXE PATRIMONIAL** ▶ Dous veciños de Lourenzá levan dezaseis anos recompilando xogos tradicionais, convertendo a súa curiosidade inicial nunha paixón, que serve para que os máis novos coñezan e gocen dos xoguetes dos seus ancestros, ao tempo que logran manter vivo, e por escrito, un patrimonio social e emocional.

# A imaxinación, o mellor xoguete

TEXTO: **SUSANA L. MONTES**
FOTOS: **AMA**

**DIN QUE** dunha voda sae outra, pero a que saíu do casamento do irmán de Xosé foi unha parella de feito, que fixo, fai e ten moito que facer, en prol da cultura galega e da conservación dos seus costumes. Aquel verán de 1996 prendeu a idea do que xa vai camiño de converterse nunha profesión, senón fóra porque hai que alimentar o bandullo ademais da mente, que sería a de recuperador de xoguetes tradicionais.

Desta tarefa encárganse os laurentinos José Manuel García Fernández e Xosé López González, O primeiro dando forma aos xoguetes de antes, seguindo as estritas directrices dos que mellor saben, os nosos vellos, e Xosé plasmando como ninguén a descrición da súa laboura, de como se xoga e dos nomes que reciben.

O caso é que dun vello pasaron a outro e a outro e a outro... e foron recompilando algúns daqueles xogos cos que sen pilas nin baterías os nenos de non hai moito pasaban o tempo, case sempre fóra, en contacto coa mesma natureza que lles proporcionaba a materia prima dos seus xoguetes, pois todo era aproveitable, dende unha casca de noz, a unha coca de carballo

non se acordan do que comeron, pero non se esquecen das cousas coas que se divertían de novos», sinala Xosé.

A elaboración destes xoguetes leva implícita tamén a recuperación de patrimonio lúdico de Galicia e, con el, parte da súa memoria recente, xa que a meirande parte destes xogos están relacionados cunha forma de vivir moi particular e serve para poñer en valor a vida no rural. A natureza é a fonte de inspiración e coñecela é aprender a amala e coidala, co que é unha maneira de preservar o medio. Se un rapaz anda polo río saberá que de determinada árbore se pode facer segundo que cousas, pero tamén os nomes das plantas, o que supón preservar a identidade e os dialectos dos pobos.

**NO REFRANEIRO.** Moitos dos xoguetes eran estacionais e, polo tanto, só se podían usar nunha determinada época do ano. De feito, o refraneiro está cheo de frases que relacionan os xoguetes co santoral e que dan fe desta circunstancia, como é o caso dos peóns: «Polo San Martiño, trompos ao camiño, polo San André, trompos outra vez; polo San Amaro, trompos ao fallado; polo Santo

ou un nabo mesmo, aos que se unía material de refugallo, coma as latas, que o mesmo servían para construír un barco que para un coche, ou as caixas de mistos, de grande utilidade.

Manuel, que é o manitas da parella, pois o mesmo debuxa, que talla, esculpe ou pinta, foi reproducindo fidedignamente cada un dos xoguetes que lle foron contando e mesmo nalgún caso, facendo, pois foron moitos os maiores que se animaron e souberon reproducir os seus xoguetes.

**EXPOSICIÓN.** Cando levaban uns corenta, e parecía que estaban case todos os posibles, fixeron a súa primeira mostra no mesmo centro, o IES Francisco Sánchez, de Tui, no que Xosé dá clases de Lingua e Literatura Galega. Os xoguetes do profe convertéronse no entretemento favorito dos alumnos, e non só dos máis pequenos, senón que ata xente dos ciclos, xa na vintena, amimouse a participar nos obradoiros que fixeron.

O éxito tivo unha dobre consecuencia, pois por se a alguén lle quedaban dúbidas, demostrou que o que entretiña aos nenos da posguerra servía tamén para divertir, e de que maneira, aos da era dixital, pois un neno sempre será un neno e non ten que vir ninguén dunha universidade americana para contarnos que unha caixa de carton é moitas veces máis interesante que o xoguete que vai dentro. Pero tamén, a mostra serviu para cubrir un oco no mundo editorial e, así, viu a luz 'Os xoguetes esquencidos', dous tomos editados por A Nosa Terra nos anos 2002 e 2003, o primeiro dos cales levou tamén o galardón da Federación de Libreiros de Galicia ao mellor libro do ano.

**Xosé e Manuel, na presentación da revista e, abaixo, cativos xogando na Festa da Faba e uns touros de millo**

Cada un dos volumes consta duns sesenta xoguetes, aínda que xa levan recollidos preto de 300, e en breve a bibliografía incrementarase cunha nova obra, que sairá á luz en galego e máis en inglés.

A pesar do que levan feito, saben que aínda lles queda moito por facer, e o tempo xoga na súa contra pola avanzada idade das súas fontes, e incluso Xosé está pensando seriamente en solicitar unha excedencia para centrarse de cheo no asunto.

A natureza e os materiais de refugallo son a materia prima dos xoguetes dos avós cos que tamén gozan os nenos de hoxe

**SUPERADOS.** A verdade é que nunca pensaron armala tan gorda. Manolo, de 52 anos, e Xosé, de 48, botan as mans á cabeza cando se dan de conta do que conseguiron sen querer. «Ninguén tiña feito nada disto, pero non esperabamos chegar a tanto», recoñecen abraiados. Un éxito que lles serviu para dar a coñecer a súa obra en distintos lugares de toda Galicia, dende centros de ensino a feiras e inclusive residencias de maiores, onde se teñen producido algunhas das imaxes máis tenras, polos arrecendos da nenez. «Teño visto chorar os vellos de emoción cando lles levo os xoguetes, porque igual

Mostras

## Para todos os gustos e idades

A iniciativa dos laurentinos calou fondo e foron moitos os lugares onde reclaman a súa presenza. Na Festa da Faba, en Lourenzá, son fixos e, á marxe dunha exposición, achegan ao público xogos para pícaros e grandes, que fan as delicias de todos eles.

**300**
**xoguetes**
Son os que teñen recollidos ata o de agora, aínda que o número vai en aumento.

ta Olalla, peóns á borralla e, polas Pascuas, trompos ás ascuas...», reza un dito popular.

Outras das vantaxes de rescatar do olvido os xoguetes de toda a vida é que axudan a favorecer a comunicación interxeracional, sen esquecer que fomentan a creatividade e a imaxinación dos nenos, algo moi importante que parece que está xa extinguido na sociedade actual, porque aos rapaces de hoxe dánselles demasiadas cousas feitas, sen falar do «callo que teñen nas mans» de xogar coas videoconsolas e maquinitas, recalca Xosé.

Un valor educativo e pedagóxico que vén avalado por psicólogos e psicopedagogos e que non é un patrimonio exclusivo da nosa zona e boa proba diso é a grande cantidade de xente, asociacións e institucións que se adican a recuperar e promover o xoguete tradicional.

Algúns deles, como o bretón Guy Jaouen, presidente da Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais, participa nun dos números da Revista Galega de Educación, unha das máis importantes das que se editan no noso país, na que o testemuño de Xosé e Manuel, que coordinan o monográfico, comparte páxinas co director do Museo de Xogos Tradicionais de Campo (Huesca), Fernando Maestro, o el responsable do Museo Galego da Infancia, Antonio Manuel Chaves, ademais dos profesores universitarios de Lleida, Pere Lavega; Coímbra, Joao Amado e Valencia, Andrés Payá, entre outros investigadores.